



**Colexio Oficial
de Biólogos
de Galicia**

NOTA DE PRENSA

Presentación da Plataforma Acqua Training Profesional

Santiago, 4 de febreiro de 2014. - Preséntase o **Acqua Training Profesional** como unha Plataforma de Formación que quere servir como punto de colaboración e interrelación entre investigadores, especialistas, técnicos, profesionais, fabricantes, produtores e comercios especializados, en todos os sectores tecnolóxicos de Tratamento da Auga. O seu obxectivo principal é a formación específica nas tecnoloxías acuariolóxicas de recirculación da auga en instalacións de acuarioloxía e acuicultura.

Este proxecto está organizado polo **Colexio Oficial de Biólogos de Galicia (COBGA)** en colaboración co **Instituto de Acuicultura** da Universidade de Santiago (IA-USC), onde impartiranse a meirande parte das actividades formativas. A coordinación corre a cargo de Acuariologia.org, como profesionais nesta especialidade.

O acto terá lugar na Facultade de Bioloxía da Universidade de Santiago, o próximo mércores día 5 de febreiro ás 18:00 horas. Na presentación intervirán o Decano do COBGA, D. José Pelayo Míguez Baños, o Director do IA-USC, D. José Luis Sánchez López e o Fundador de Acuariologia.org, D. Carlos Temperán, biólogo colexiado, que explicará a misión da Plataforma Formativa do **Acqua Training Profesional** e o programa lectivo, a desenvolver entre febreiro e decembro de 2014.

Con esta iniciativa preténdese ofrecer ás persoas interesadas, a formación técnica, profesional e práctica en todas as disciplinas de Tratamento da Auga, nos diversos ámbitos, e a través de varios módulos profesionais, a saber: Acuariofilia Empresarial, Investigación Acuariolóxica, Cría Ornamental e Acuarioloxía Profesional, nos que intervirán especialistas e expertos invitados en cada área.

Colaboran: Instituto de Acuicultura–USC, Instituto Investigacións Mariñas–CSIC, Acuariologia.org, Moisés Mascotas, Bichos, Acuario de O Grove, Asociación Galega de Acuariofilia e Terrariofilia-ASGAT, Bassleer Biofisf-OFI, Dimac-Eheim, Mars-API-Rena, El Acuario Gallego, Iberfrost-Aquatronica, Acuporé–Lopeix.

Colexio Oficial de Biólogos de Galicia

981 53 14 40